



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 399/2026 de día 19.06.2026 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 25 DE XUÑO DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000009

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria accidental da Corporación o día 19.06.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 25.06.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO.- Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 18.05.2026 E SESIÓN ORDINARIA DE 28.05.2026**
- 2 APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN N.º 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME E ORDENACIÓN DETALLADA DO SECTOR URDI-2 "LECHE CELTA".**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 3 ADHESIÓN REDE EUSUMO PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL
- 4 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS X/2026/10.
- 5 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/16.
- 6 ASUNTOS SEN DITAMINAR: NOMEAMENTO DO INSTRUTOR NO EXPEDIENTE DE HONRAS E DISTINCIÓNS. MANUEL PEREIRA ABUÍN
- 7 ASUNTOS SEN DITAMINAR: ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”
- 8 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ACTUALIZACIÓN INTEGRAL DO REGULAMENTO E A MELLORA DE SERVIZOS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
- 9 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO POBO SAHARAUÍ, POLO RECOÑECEMENTO DOS SEUS DEREITOS HISTÓRICOS E POLO CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE INTERNACIONAL.
- 10 DAR CONTA DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL 2024.
- 11 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 13 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 14 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, María Roca Vázquez, como secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria accidental do concello de Pontedeume María Roca Vázquez. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

